




COSTA DE VILABOIA

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 15 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa



- 1-Praia do Areeiro
- 2-Punta Ulló
- 3-Punta do Castelo
- 4-Muíño de Marea
- 5-A Xunqueira (Río Tuimil)
- 6-As Saíñas do Ulló.
Punta das Saíñas.
- 7-Peirao dos Caralletes.
- 8-Punta Xundice
- 9-Seo de Larache
- 10-Praia de Larache
- 11-Punta Conchido
- 12-Punta do Cabalo
- 13-Punta de Pereiró
- 14- Praia de Deilán.
Peirao de St. Cristina de Cobres.
Pedra da Señora/da Oliveira.
- 15-Praia de Riomaioir. Río Maior.
- 16-Praia da Pousada
- 17-Punta e Praia do Estralo
- 18-Peirao de Santo Adrao de Cobres.
- 19-Punta de Santo Adrao
- 20-Punta da Travesada. Praia do Forno do Cal
- 21-Punta do Aradoiro

O Concello de Vilaboa está situado na marxe dereita (oeste) da ría de Vigo. O litoral forma parte do Seo de San Simón, e exténdese desde a punta do Aradoiro (no linde con Moaña) ata a desembocadura do río Ulló (linde con Pontevedra).

É unha costa abrigada que alterna rochedos de pouca altura con areaias e seos nos que desembocan pequenos regos que nacen nos montes do Morrazo.

Está protexida no LIC/ZEC "Enseada de Saan Simón".

As principais actividades son o marisqueo, a acuicultura, os servizos e a industria (asteleiros, conserveiras...).

A costa de Vilaboa ofrece lugares de moito interese, en especial nos seos e esteiros, onde se atopan especies adaptadas ao medio mariño de augas pouco fondas e son refuxio de fauna, en especial aves. En moitas zonas o litoral está ocupado por instalacións industriais (conserveiras, depuradoras, estaleiros...) ou portuarias e por propiedades privadas, que en xeral dificultan ou impiden o acceso ao mar. Propoñemos un percorrido para coñecer os puntos máis destacados e accesibles, combinando desprazamentos por estrada con pequenas camiñadas. No caso de dispoñer de tempo pederíanse visitar moitos máis lugares, tendo en conta que non existen camiños ou os que hai non son aptos para coches.

PERCORRIDO

Comezamos a viaxe en Paredes collendo o desvío que leva ao **peirao** e á **praia do Areiro**. Desde alí seguimos por unha estrada que vai ata as **Saiñas do Ulló**, onde podemos facer un pequeno percorrido para ver a enseada, as saíñas e os restos do **muíño de marea**. Para continuar a viaxe debemos saír á estrada xeral que vai a Vilaboa á altura do Tournal e coller á esquerda, seguindo a costa ata o cruce que nos leva ao **Peirao dos Caralletes**, onde facemos unha parada para ver as vistas da enseada. Volvemos a estrada e un pouco máis adiante collemos o cruce que vai a ao **peirao de Santa Cristina de Cobres** onde podemos ver tamén a **praia de Deilán** e a **Pedra da Señora/da Oliveira** que da nome á confraría. Desde aquí pódese facer un pequeno paseo ata a **praia e punta de Pereiró**, onde ha una área de lecer (temén se pode baixar co coche, pero está mal sinalizado).


Seguimos agora ata o desvío á **praia de Riomaior**, onde hai un pequeno paseo. Continuamos pola estrada con vistas á ría e poucos puntos de acceso ata chegar ao **peirao de Santo Adrao de Cobres**. A última parada facémola na **Punta da Travesada**, onde se atopa a **praia do Forno do Cal** e desde onde podemos ver a **punta do Aradoiro**, xa debaixo do arranque da **ponte de Rande**, final do traxecto e do concello de Vialaboa.




A costa de Vilaboa cos montes de Coto Redondo detrás.

RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km e unha profundidade máxima de 44 km. O río principal que a alimenta é o Verdugo. O estreito de Rande separa a parte interior chamado Seo de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas. Na ría alternáanse os tramos rochosos, de pouca altura, os areais e as marismas.





SEO DE SAN SIMÓN

Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande.

É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos.

É unha zona abrigada con augas pouco profundas, cunha enorme superficie de marismas que queda descuberta ao debalar o mar. Os espazos recollidos, pouco profundos, con sedimentos areosos e materia orgánica, son os lugares onde se atopan os bancos marisqueiros e as pradeiras de sebas. A fauna máis representativa é a mariña, moi rica en vermes, berberechos, ameixas, xibas... e as aves acuáticas.



Desembocadura do río Ulló



Punta de Paredes



1-Praia do Areiro



2-Punta Ulló





3-Punta do Castelo

Ao debalar o mar quedan ao descuberto marismas e areais. As marismas son hábitats de augas mornas e mansas onde bule a vida vexetal (algas verdes, sebas) e animal (miñocas que remexen o subtrato e se alimenta de residuos, como os cagóns ou arenícolas).



Muros do muíño de marea



5-A Xunqueira (Río Tuimil)



6-As Saiñas do Ulló están, situadas no remate do esteiro do Ulló, en Paredes. Funcionaron desde o século XVII (cara ao ano 1637) e foron moi importantes para abastecer de sal á cidade de Pontevedra durante o século XVIII. Comezaron a ser explotadas polo Colexio dos Xesuítas de Pontevedra en 1694 e acadaron grande importancia nos seguintes anos. A finais do século XIX, neste mesmo lugar, construíuse un muíño de marea do que so quedan algúns restos (os muros de peche e construcións en ruínas).



Auga retida no encoro do antigo muíño de Vilaboa.



Punta das Saiñas



7-Peirao dos Caralletes



8-Punta Xundice



9-Seo de Larache



10-Seo e praia de Larache



11-Punta Conchido



12-Punta do Cabalo



13-Punta de Pereiró



14- Praia de Deilán



Vistas desde o peirao de Santa Cristina de Cobres



Pedra da Senhora ou da Oliveira



15-Praia de Riomaior



Desembocadura do rio Maior



16-Praia da Pousada



17-Punta e Praia do Estralo





18-Peirao de Santo Adrao de Cobres



19-Punta de Santo Adrao



20-Praia do Forno do Cal na punta da Travesada.



21-Punta do Aradoiro